

Os romanos, seguindo as costumes *etruscas*, antes de fundar unha cidade, pedían o seu consello aos *augures*, uns sacerdotes dedicados a interpretación da vontade de *Xupiter*, por medio dos *auspicios*.

Cando consideraban que tiñan o consentimento do deus dicían que a cidade estaba *inaugurada*. Os *auspicios* consistían en analizar o voo das aves e facer un estudo das súas entrañas. Deste xeito comprobaban os efectos das correntes aéreas e as condicións de salubridade do lugar. A continuación, se o informe era favorable, delimitaban, cun arado tirado por un toro e unha tenreira, ámbolos dous de cor branca, o límite da urbe cunha liña sagrada que chamaban *Pomerio*. A maioría das veces sobre o *Pomerio* edificábanse as murallas.



Maqueta da Muralla de Lugo

Bibliografía: DELGADO GÓMEZ, J., *Aspectos del mundo romano del que surgió nuestro "Lucus"*. Diputación Provincial de Lugo, 1993.